
BANDADA

Texto e ilustracións de **DAVID DANIEL ÁLVAREZ HERNÁNDEZ**
MARÍA JULIA DÍAZ GARRIDO

Tradución de **MANUELA RODRÍGUEZ**

Encadernado en cartón. 22,5 x 33 cm. 32 páx. 15 €.

Inclúe lámina de agasalho.

-V PREMIO INTERNACIONAL COMPOSTELA DE ÁLBUM ILUSTRADO

-THE WHITE RAVENS 2013

Bandada (galego)

ISBN 978-84-8464-805-5. Premio Compostela.

Bandada (castelán)

ISBN 978-84-8464-804-8. Premio Compostela.

Bandada (catalán)

ISBN 978-84-15170-23-5. Kalandraka-Hipòtesi.

Hegaztiak (éuscaro)

ISBN 978-84-7681-744-5. Kalandraka-Pamiela.

Aves (portugués)

ISBN 978-989-8205-88-9. Prémio Compostela.

Stormo (italiano)

ISBN 978-88-95933-55-9. Premio Compostela.

*Un día, as aves pousaron a súa mirada máis alá das ramas
e das follas e imaxinaron unha vida distinta.*

*Así comezou unha nova era. Explicáronlles ás súas crías
o porqué e o como de todo o que as rodeaba...*


“Bandada” foi a obra gañadora do V Premio Internacional Compostela de Álbum Ilustrado entre os 256 traballos que optaron ao certame, procedentes de 19 países. O relato, a base de frases breves e sutís, propón unha profunda reflexión sobre a historia da humanidade: o desenvolvemento dunha sociedade que inicialmente busca o coñecemento, o progreso técnico e científico, o benestar e un bo porvir, pero que nese tránsito perverte os seus principios, xera violencia e dominación dos fortes sobre os débiles.

Dende o punto de vista estético, “Bandada” destaca polo simbolismo das ilustracións, protagonizadas por toda clase de paxaros humanizados, representados cun extraordinario detallismo, en branco e negro. O xurado -coa editora e investigadora Felicidad Orquín e mais o ilustrador Xan López Domínguez, entre outros- destacou o “virtuosismo” da técnica artística para conseguir imaxes dunha “extraordinaria calidade e forza expresiva”.

...Un lirismo poético, un xogo contradictorio e unha mensaxe de esperanza que se leva ao extremo dun xeito moi hábil, asociando as aves desta historia coa incapacidade natural das persoas para voar.

www.kalandraka.com

comunicacion@kalandraka.com



- **Temática:** historia fabulada da humanidade.
- **Idade recomendada:** a partir dos 7 anos.
- **Aspectos destacables:** V Premio Internacional Compostela de Álbum Ilustrado; virtuosismo técnico, ilustracións en branco e negro; simbolismo visual e literario; mensaxe de esperanza.

David Daniel Álvarez Hernández

(México D.F., 1984)

Licenciado na Escola de Deseño do Instituto Nacional de Belas Artes de México (EDINBA). Os seus estudos de Artes Plásticas levárono ao campo da ilustración, no que recibiu varios recoñecementos a nivel internacional: 1º Premio de Ilustración (categoría de Estudiante) no Encontro Latinoamericano de Deseño 2011, organizado pola Universidade de Palermo; 2º posto no Catálogo de Ilustradores para Publicacións Infantís e Xuvenís da Cidade de México 2011. Tamén foi seleccionado para a Bienal Ilustrarte 2012, en Lisboa.
<http://escamasdeplata.blogspot.mx/>

María Julia Díaz Garrido

(México D.F., 1986)

Licenciada en Deseño pola Escola de Deseño do Instituto Nacional de Belas Artes de México (EDINBA). Participou en diversos obradoiros de creación e de edición de libros ilustrados; algúns impartidos por recoñecidos artistas como Gabriel Pacheco, Javier Zabala ou Suzanne Zeller.

